

SERVIZO DE ORZAMENTOS
E ASISTENCIA ECONÓMICA
A CONCELLOS
SECCIÓN I

INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 28/02/2018 E PROXECCIÓN A 31/12/2018

- [*Proposta da Presidencia.*](#)
- [*Informe de Intervención.*](#)
- [*Ditame da Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior.*](#)
- [*Certificado do acordo plenario.*](#)



PROPOSTA DA PRESIDENCIA

ASUNTO: Informe sobre xestión orzamentaria e proposta de acordo.
(Situación a 28/02/2018 e proxección a 31/12/2018)

ORGANO COMPETENTE: Pleno Corporativo.

I.- CONSIDERACIÓNES PREVIAS

Ao longo do presente exercicio adoptáronse distintos acordos en materia orzamentaria de singular transcendencia, cuxo contido e alcance debe ser obxecto dunha análise conjunta e pormenorizada:

1. En sesión plenaria do 24 de novembro de 2017 aprobouse inicialmente o Orzamento provincial para o exercicio 2018 e o día 29 de decembro publicouse no Boletín Oficial da Provincia a súa aprobación definitiva.
2. A través de Resolución da Presidencia número 2926, do 25 de xaneiro de 2018 aprobouse a Liquidación de gastos e ingresos do Orzamento do exercicio 2017.

II.- INDICADORES DO ORZAMENTO 2018

En relación co orzamento definitivamente aprobado para o exercicio 2018 faise necesario efectuar distintas consideracións sobre as magnitudes de estabilidade orzamentaria, evolución do gasto e volume da débeda:

- 1^a O orzamento presentouse formal e materialmente equilibrado e ascenden os ingresos e gastos iniciais a 178.950.000,00 €.
- 2^a Os recursos non financeiros (178.450.000,00€) permiten atender a totalidade dos gastos de carácter non financeiro (154.869.229,00€) e xérase unha capacidade de financiamento de 23.580.771,00 €.
- 3^a As previsións iniciais do Orzamento cumpren o obxectivo da regra de gasto para o exercicio 2018 cunha marxe de 17.360.691,38 € e o obxectivo de estabilidade orzamentaria cunha capacidade de financiamento de 36.910.522,55€.



4^a O aforro bruto e o aforro neto do exercicio son positivos e pon de manifesto a capacidade de financiamento dos recursos permanentes para atender os gastos deste carácter, o que expresa un superávit estrutural significativo.

5º Inclúese o fondo de continxencia cunha dotación de 3.579.000,00 €

O Orzamento do exercicio 2018 cumpre, por tanto, con todos os requisitos da normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e expresa de forma elocuente o firme compromiso desta Corporación coas normas de boa xestión orzamentaria e financeira, compatibles co investimento posible para atender as necesidades de infraestruturas e servizos que requiren as competencias provinciais.

III.- A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2017

A liquidación de gastos e ingresos do Orzamento do exercicio 2017 pon de manifesto os resultados da xestión dun exercicio singular e complexo no que a actividade prioritaria se orienta aos servizos sociais e aos servizos municipais esenciais. Os resultados obtidos caracterízanse polos seguintes indicadores:

1. O resultado orzamentario do exercicio (sen axustes) é positivo e ascende a 11.455.566,18 €. O resultado orzamentario axustado tamén é positivo e elévase a 82.262.853,84 €.
2. O remanente de tesourería total do exercicio ascende a 274.925.150,94 € dos que 271.197.582,52 € corresponden ao remanente de tesourería para gastos xerais. Esta magnitude dedícase inicialmente aos seguintes fins, tal e como se expresa na resolución de aprobación:

“SEGUNDO: Con base nos datos obtidos sobre a cualificación de remanentes de 2017, de conformidade co establecido na Base 37º de execución do orzamento provincial e en aplicación ao principio de prudencia, aprobar a afectación do REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS ao financiamento dos gastos comprendidos nas situacións que deseguido se detallan e as reservas que se expresan, polos importes que se indican:



O PRESIDENTE
DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A) REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	271.197.582,52 €
B) RESERVAS	216.599.599,25 €
1) Financiamento complementario para a incorporación de remanentes de incorporación obligatoria	461.137,46
2) Incorporación de remanentes relativos a gastos comprometidos durante 2017	40.830.533,72
3) Remanentes de crédito producidos durante 2017 que quedaran en "Fase A" teñan carácter incorporable	53.406.317,03
4) Incorporación de remanentes relativos a gastos en "Fase RC" de 2017 con carácter incorporable	45.134.586,74
5) Reserva de remanente para financiamento de compromisos de gasto adquiridos en exercicios anteriores a 1-1-17, non incorporables e pendentes de execución.	23.855.073,21
6) Reserva de remanente para financiamento de autorizacións de gasto adquiridas no ano 2017 e anteriores, de carácter non incorporable e pendentes de comprometer	19.918.933,29
7) Reserva de remanente para financiamento de RC de gastos adquiridos no ano 2017 e anteriores, de carácter non incorporable e pendentes de autorizar	10.839.717,77
8) Importe do saldo a 31/12/2017 da conta 413 "Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento"	50.287,69
9) Reserva do importe de superávit orzamentario por operacións non financeiras (Art. 32 L.O. 2/2012)	22.103.012,64
C) REMANENTE DE TESOURERÍA DISPOÑIBLE (A-B)	54.597.982,97 €

A contía resultante para financiar novos gastos (apartado C) poderá incrementarse nos importes que as unidades xestoras consideren que non son necesarios para atender os gastos contemplados nos puntos 3, 4, 6 e 7 anteriormente citados.”

3. Os recursos non financeiros permitiron financiar a totalidade dos gastos non financeiros e xeraron un superávit de operacións non financeiras de 22.103.012,64 €.
4. O aforro bruto e o aforro neto do exercicio foron positivos e expresan a real e efectiva capacidade de financiamento dos gastos estruturais con ingresos de carácter permanente.

A liquidación do orzamento do exercicio 2017, en consecuencia, cumpre todos os requirimentos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e expresan a realidade práctica dos obxectivos formulados e o cumprimento estrito dos compromisos contraídos ao formular o orzamento dun ano difícil, complexo e cheo de retos novos.



IV.- OUTRAS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

Ata o 28 de febreiro trámítáronse, aprobáronse e contabilizáronse 3 Expedientes de modificación de crédito cuxo detalle se expresa a continuación:

Nº Expediente	Data	Situación	Data Contabilización	Total expediente	Financiamento	
01- IR 1	19/01/2018	Contabilizado	31/01/2018	109.353.468,34	RTA:	76.599,26
					RTX:	101.791.057,85
					CI:	7.485.811,23
02- TC	26/01/2018	Contabilizado	30/01/2018	24.000,00		
04- TC	23/02/2018	Contabilizado	26/02/2018	252.815,00		

Modificacións

IR Incorporación remanentes
 TC Transferencia de crédito

Financiamento:

RTX Remanente de tesourería xeral
 RTA Remanente de tesourería afectado
 CI Compromiso de Ingresos

A Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro de control da débeda comercial no sector público establece:

1º.-No seu artigo primeiro, apartado quince, unha nova Disposición adicional sexta na Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, do seguinte teor:

“1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás corporacións locais nas que concorran estas dúas circunstancias:

- a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a legislación reguladora das facendas locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.*
- b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta lei.*

2. No ano 2014, para os efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:

- a) As Corporacións locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acreedores por operacións pendentes de aplicar a orzamento», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.*
- b) No caso de que, atendidas as obrigacións citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior se mantivese con signo positivo e a Corporación local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar*



O PRESIDENTE
DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no devandito exercicio 2014.

c) *Se cumprido o establecido nas letras a) e b) anteriores a Corporación local tivese un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento esta sexa financeiramente sustentable. Para estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financeiramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo.*

Para aplicar o dito no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.

3. *Excepcionalmente, as Corporacións locais que no exercicio 2013 cumpran co dito no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co dito no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme as regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.*

4. *O importe do gasto realizado de acordo co citado nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable para efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.*

5. *En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante Lei de orzamentos xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á concxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación establecido neste artigo"*

2º.-Na súa Disposición final terceira recolle unha modificación da Lei 19/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno, para engadir, ás infraccións en materia de xestión económico-orzamentaria tipificadas no seu artigo 28, dous novos parágrafos:

«f) *O incumprimento da obrigación de destinar integralmente os ingresos obtidos por riba dos previstos no orzamento á redución do nivel de débeda pública de conformidade co establecido no artigo 12.5 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e o incumprimento da obrigación do destino do superávit orzamentario á redución do nivel de endebedamento neto nos termos dispostos no artigo 32 e a disposición adicional sexta da citada lei.*

n) *A non adopción no prazo establecido do acordo de non disponibilidade ao que se refiren os artigos 20.5.a) e 25 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, así como a non constitución do depósito disposto no citado artigo 25 da mesma lei, cando así se solicitou.»*

Máis recentemente aprobouse e publicouse o “Real decreto-lei 2/2014, do 21 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e a costa cantábrica”, cuxa disposición final primeira modifica o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2014, no sentido de engadir unha nova disposición final décimo sexta para concretar os requisitos dos “investimentos financiamento sustentable” que poden finanziarse con superávit orzamentario para os efectos do disposto na Disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira:



**O PRESIDENTE
DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

"Para os efectos do disposto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, entenderase por investimento financeiramente sustentable a que cumpla todos os requisitos seguintes:

1. Que o investimento se realice, en todo caso, por entidades locais que estean ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social. Ademais, deberá ter reflexo orzamentario nos seguintes grupos de programas recollidos no anexo I da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos da entidades locais:

Orde HAP 419/2014

161. Saneamento, abastecemento e distribución de augas.	160/161
162. Recollida, eliminación e tratamento de residuos.	162
165. Iluminación pública.	165
172. Protección e mellora do medio.	172
412. Mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos.	412
422. Industria.	422
425. Enerxía.	425
431. Comercio.	431
432. Ordenación e promoción turística.	432
441. Promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte.	441
442. Infraestruturas do transporte.	442
452. Recursos hidráulicos.	452
463. Investigación científica, técnica e aplicada.	463
491. Sociedade da información.	451
492. Xestión do coñecemento.	492

O investimento poderá ter reflexo orzamentario nalgún dos grupos de programas seguintes:

133. Ordenación do tráfico e do estacionamento.	133
155. Vías públicas.	153
171. Parques e xardíns.	171
336. Protección do Patrimonio Histórico-Artístico	336
453. Estradas.	453
454. Camiños veciñais.	454
933. Xestión do patrimonio: aplicadas á rehabilitación e reparación de infraestruturas e inmobilés propiedade da entidade local afectos ao servizo público.	933

Cando o gasto de investimento nestes grupos de programas, considerados en conxunto, sexa superior a 10 millóns de euros e supoña incremento dos capítulos 1 ou 2 do estado de gastos vinculado aos proxectos de investimento requirirá autorización previa da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

2. Quedan excluídas tanto os investimentos que teñan unha vida útil inferior a cinco anos como as que se refiran a adquisición de mobiliario, apeiros e vehículos, salvo que se destinen á prestación do servizo público de transporte.

3. O gasto que se realice deberá ser imputable ao capítulo 6 do estado de gastos do orzamento xeral da Corporación local.

De forma excepcional poderán incluirse tamén indemnizacións ou compensacións por rescisión de relacións contractuais, imputables noutros capítulos do orzamento da Corporación local, sempre que estas teñan carácter complementario e se deriven directamente de actuacións de reorganización de medios ou procesos asociados ao investimento acometido.

No caso das Deputacións provinciais, Consellos e Cabidos insulares poderán incluir gasto imputable tamén no capítulo 6 e 7 do estado de gastos dos seus orzamentos xerais destinadas a financiar investimentos que cumplen co disposto nesta disposición e se asignen a municipios que:

- a) Cumpran co establecido na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril,



O PRESIDENTE
DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

b) ou ben, non cumprindo o establecido na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, o investimento non comporte gastos de mantemento e así quede acreditado no seu Plan económico-financeiro convenientemente aprobado.

4. Que o investimento permita durante a súa execución, mantemento e liquidación, dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, e débeda pública por parte da Corporación local. A tal fin valorarase, o gasto de mantemento, os posibles ingresos ou a redución de gastos que xere o investimento durante a súa vida útil.

5. A iniciación do correspondente expediente de gasto e o recoñecemento da totalidade das obrigacíons económicas derivadas do investimento executado deberá realizar a Corporación local antes da finalización do exercicio de aplicación da disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

No entanto, no caso de que un proxecto de investimento non poida executarse integralmente en 2014, a parte restante do gasto comprometido en 2014 poderase recoñecer no exercicio 2015 financiándose con cargo ao remanente de tesourería de 2014 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a entidade local non poderá incorrer en déficit ao final do exercicio 2015.

6. O expediente de gasto que se tramite incorporará unha memoria económica específica, subscrita polo presidente da Corporación local, ou a persoa da Corporación local en quen delegue, na que se conterá a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte da súa vida útil. O órgano interventor da Corporación local informará acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica do investimento en relación cos criterios establecidos nos apartados anteriores.

Anualmente, xunto coa liquidación do orzamento, darase conta ao Pleno da Corporación local do grao de cumprimento dos criterios establecidos nos apartados anteriores e farase público no seu portal web.

7. Sen prexuizo dos efectos que poidan derivarse da aplicación da normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, se o informe do interventor da Corporación local ao que se refire o apartado anterior fose desfavorable, o interventor remitirao ao órgano competente da administración pública que teña atribuída a tutela financeira da Corporación local.

8. O interventor da Corporación local informará o Ministerio de Facenda e Administracións públicas dos investimentos executados en aplicación do establecido nesta disposición.»

Na Deputación da Coruña as magnitudes de fin de exercicio 2017 e as previsións actuais proxectadas a 31 de decembro de 2018 pon de manifesto que o superávit orzamentario (por operacións non financeiras) do exercicio 2017 ascendeu a 22.103.012,64 €, ao que debe darse o destino establecido nas normas de estabilidade orzamentaria, e que é previsible o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite ao endebedamento financeiro, nas condicións estimadas, durante o exercicio 2018, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que exedesen do fondo de continxencia dotado para o exercicio.



O PRESIDENTE
DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

V.- CONSIDERACIÓNS FINAIS.

Á información comentada nos apartados anteriores deben engadirse as seguintes consideracións:

- A Deputación provincial vén cumplindo os obxectivos contidos na normativa sobre "morosidade" nas operacións mercantís.
- A situación da Tesourería provincial ilústrase no arqueo a 28 de febreiro que expresa unhas existencias en fondos líquidos de 280.747.564,13 €
- A evolución dos ingresos e gastos provinciais permite afirmar que se cumplen os obxectivos de "estabilidade orzamentaria" e da "regra de gasto" na proxección estimada a 31/12/2018.
- Os importes que se han devolver como consecuencia das liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009 polos tributos cedidos do Estado e polo *Fondo Complementario de Finaciamento*, presentan a evolución durante o exercicio 2018 que se pon de manifesto a continuación:

CONCEPTO	DÉBEDA INICIAL ANO 2018	IMPORTE QUE SE HA REINTEGRAR ANO 2018	PENDENTE DEVOLUCIÓN A 31/12/2018
Liquidación 2008	5.672.297,53	405.164,04	5.267.133,49
Liquidación 2009	24.038.076,48	1.717.005,60	22.321.070,88
TOTAL	29.710.374,01	2.122.169,64	27.588.204,37

- No Orzamento do exercicio 2018 consíguese unha dotación de 3.579.000,00€ destinada á constitución do fondo de continxencia.

VI.- PROPOSTA DE ACORDO.

En virtude de todo o exposto considérase procedente formular a seguinte proposta de acordo ao Pleno provincial, previo ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 28 de febreiro de 2018, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

SEGUNDO.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.



**O PRESIDENTE
DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

TERCEIRO.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2018 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

CUARTO.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpla, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

A Coruña, 13 de marzo de 2018

O PRESIDENTE,

Valentín González Formoso



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA
ECONÓMICA A CONCELLOS
SECCIÓN I

***Informe sobre a Execución Orzamentaria e
Proxección a 31 de decembro***

FEBREIRO 2018



SERVIZO DE ORZAMENTOS
E ASISTENCIA ECONÓMICA
A CONCELLOS

Sección I

INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 28 DE FEBREIRO DE 2018 E PROXECCIÓN A 31 DE DECEMBRO

OBXECTIVO E ALCANCE

A través do presente documento que se eleva ao Pleno da Corporación provincial, achéganse diversos datos orzamentarios e contables reais a 28 de febreiro e proxectados (estimados) a 31 de decembro, que permitirán, para ambos os dous momentos do tempo:

- Analizar o grao de execución orzamentaria
- Comprobar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, e
- Verificar o cumprimento da regra do gasto

Así mesmo, os datos sobre a débeda viva e sobre as existencias en Tesourería, complementarán a información necesaria para unha valoración xeral da situación económico-financeira da Deputación.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA

1. Estados de execución orzamentaria a 28/02/2018 (Resumos por capítulos)
 - a. Estados de execución de gastos e ingresos, de exercicio corrente e exercicios cerrados
 - b. Estados comparativos da execución orzamentaria de exercicio corrente a 28/02 dos exercicios 2017 e 2018
2. Proxección de execución orzamentaria a 31/12/2018 segundo criterios do Sistema Europeo de Contas (SEC-95)
3. Proxección da débeda contraída co Estado polas liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009
4. Avaliación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria
 - a. Estabilidade orzamentaria con datos reais a 28/02/2018 e proxección a 31/12/2018
 - b. Obxectivo da regla de gasto con información orzamentaria a 28/02/2018 e estimación a 31/12/2018
5. Acta de arqueo a 28/02/2018

RESUMO DA INFORMACIÓN ACHEGADA

Da información que acompaña ao presente escrito pódense obter as seguintes conclusións:

1. Execución orzamentaria a 28 de febreiro e comparativa 2017-2018
 - a. *Orzamento de gastos:* Os niveis de execución do orzamento de gastos foron inferiores aos realizados no mesmo período no exercicio 2017, representando un 3,35 % en 2018 fronte a un 3,63 % en 2017.
 - b. *Orzamento de ingresos:* En relación co orzamento de ingresos, os niveis de execución foron inferiores aos realizados no mesmo período no exercicio 2017, o 15,83 % en 2018 fronte a un 19,44 % en 2017.
2. Proxección de execución orzamentaria a 31 de decembro. Estimación con criterios do SEC-95
 - a. *Orzamento de gastos:* A estimación realizada sen axustes daríanos unha execución orzamentaria en gastos a 31 de decembro dun 61,39 % sobre os créditos definitivos do Orzamento 2018.
 - b. *Orzamento de ingresos:* A proxección da execución de ingresos a 31 de decembro segundo criterios SEC dános unha porcentaxe do 98,80 % respecto das previsións definitivas do Orzamento 2018.

3. Proxección da débeda contraída co Estado polas liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009

Os importes que se han devolver como consecuencia das liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009 polos tributos cedidos do Estado e polo Fondo Complementario de Financiamento, terán durante o ejercicio 2018 a evolución que se pon de manifesto a continuación:

CONCEPTO	PENDENTE DEVOLUCIÓN A 01-01-2018	IMPORTE QUE SE HA REINTEGRAR ANO 2018	PENDENTE DEVOLUCIÓN A 31-12-2018
Liquidación 2008	5.672.297,53	- 405.164,04	5.267.133,49
Liquidación 2009	24.038.076,48	- 1.717.005,60	22.321.070,88
TOTAL	29.710.374,01	-2.122.169,64	27.588.204,37

4. Avaliación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria

Na documentación que se acompaña a este informe recóllense os cadros co calculo do obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto efectuado polo Interventor adxunto.

5. Existencias en caixa e bancos

As existencias en caixa e bancos a 28 de febreiro, reflectidas no arqueo contable, ascenden a 280.747.564,13 €

A Coruña, 14 de marzo de 2018

O interventor

Jose Manuel Pardellas Rivera

1. ESTADOS DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 28/02/2018 (RESUMOS POR CAPÍTULOS)

1. a. ESTADOS DE EXECUÇÃO DE GASTOS E INGRESOS, EXERCICIO CORRENTE E EXERCICIOS CERRADOS

ESTADO DE EJECUCIÓN DESDE 1/1/2017 HASTA 28/2/2017

ESTADO DE EJECUCIÓN DESDE 1/1/2018 **HASTA** 28/2/2018

Clasificación Capítulos	DENOMINACIÓN DE LOS CAPÍTULOS	Créditos Iniciales	Modificaciones	Créditos Totales	Obligaciones Reconocidas	Pagos Realizados	Reintegros de Gastos	Pagos Líquidos	Pendiente de Pago	Estado de Ejecución
1	GASTOS DE PERSOAL	41.386.559,96	94.683,70	41.481.243,66	4.101.807,45	4.099.942,51		4.099.942,51	1.864,94	37.379.436,21
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	26.298.374,05	6.963.688,92	33.262.062,97	2.325.259,18	1.945.328,76		1.945.328,76	379.930,42	30.936.803,75
3	GASTOS FINANCIEROS	20.000,00		20.000,00						20.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	56.747.720,66	19.682.087,46	76.429.808,12	1.986.894,12	1.471.354,15		1.471.354,15	515.539,97	74.442.914,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	3.579.000,00		3.579.000,00						3.579.000,00
Total de operaciones corrientes:		128.031.654,67	26.740.460,08	154.772.114,75	8.413.960,75	7.516.625,42		7.516.625,42	897.335,33	146.358.154,00
6	INVESTIMENTOS REAIS	16.797.574,33	26.306.292,12	43.103.866,45	384.485,61	208.151,27		208.151,27	176.334,34	42.719.380,84
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	10.040.000,00	47.375.839,53	57.415.839,53	789.148,47	743.224,08		743.224,08	45.924,39	56.626.691,06
8	ACTIVOS FINANCIEROS	24.080.771,00	8.930.876,61	33.011.647,61	62.139,00	26.109,00		26.109,00	36.030,00	32.949.508,61
Total de operaciones de capital:		50.918.345,33	82.613.008,26	133.531.353,59	1.235.773,08	977.484,35		977.484,35	258.288,73	132.295.580,51
Suma										
		178.950.000,00	109.353.468,34	288.303.468,34	9.649.733,83	8.494.109,77		8.494.109,77	1.155.624,06	278.653.734,51

ESTADO DE EJECUCIÓN DESDE 1/1/2017 **HASTA** 28/2/2017

ESTADO DE EJECUCIÓN DESDE 1/1/2018 **HASTA** 28/2/2018

ESTADO DE EJECUCIÓN DESDE 1/1/2017 HASTA 28/2/2017

Clasificación Capítulos	DENOMINACIÓN DE LOS CAPÍTULOS	Créditos Iniciales	Modificaciones	Créditos Totales	Obligaciones Reconocidas	Pagos Realizados	Reintegros de Gastos	Pagos Líquidos	Pendiente de Pago	Estado de Ejecución
1	GASTOS DE PERSOAL	39.318.562,60		39.318.562,60	3.878.816,28	3.878.816,28		3.878.816,28		35.439.746,32
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	25.096.416,08		25.096.416,08	2.092.616,06	1.807.670,34		1.807.670,34	284.945,72	23.003.800,02
3	GASTOS FINANCIEROS	20.000,00		20.000,00	4.514,89	3.850,35		3.850,35	664,54	15.485,11
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	48.463.687,82		48.463.687,82	84.911,72	84.911,72		84.911,72		48.378.776,10
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	3.530.000,00		3.530.000,00						3.530.000,00
Total de operaciones corrientes:		116.428.666,50		116.428.666,50	6.060.858,95	5.775.248,69		5.775.248,69	285.610,26	110.367.807,55
6	INVESTIMENTOS REAIS	17.888.562,50		17.888.562,50	39.598,24	35.082,91		35.082,91	4.515,33	17.848.964,26
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	20.117.000,00		20.117.000,00						20.117.000,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	22.080.771,00		22.080.771,00	112.170,60	78.120,00		78.120,00	34.050,60	21.968.600,40
Total de operaciones de capital:		60.086.333,50		60.086.333,50	151.768,84	113.202,91		113.202,91	38.565,93	59.934.564,66
Suma										
		176.515.000,00		176.515.000,00	6.212.627,79	5.888.451,60		5.888.451,60	324.176,19	170.302.372,21

ESTADO DE EJECUCIÓN DESDE 1/1/2018 HASTA 28/2/2018

Clasificación CAPÍTULO :	DENOMINACIÓN DE LOS CAPÍTULOS	Previsiones Iniciales	Modificaciones	Previsiones Definitivas	Derechos Netos	Der/Prev	Ingresos Realizados	Devoluciones de Ingresos	Recaudación Liquida	Rec/Der	Pendiente de Cobro	Estado de Ejecución
1	IMPOSTOS DIRECTOS	16.554.058,91		16.554.058,91	1.907.216,20	11,52	972.412,82	2.922,66	969.490,16	50,83	937.726,04	-14.646.842,71
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	14.253.764,85		14.253.764,85	2.566.040,59	18,00	1.209.481,95	21.668,20	1.187.813,75	46,29	1.378.226,84	-11.687.724,26
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	9.216.441,87		9.216.441,87	6.302.551,87	68,38	6.302.551,87		6.302.551,87	100,00		-2.913.890,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	135.782.239,50	945.526,06	136.727.765,56	24.689.377,60	18,06	12.269.253,88	152.256,61	12.116.997,27	49,08	12.572.380,33	-112.038.387,96
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	375.244,87		375.244,87	20.432,12	5,45	20.432,12		20.432,12	100,00		-354.812,75
	Total de operaciones corrientes:	176.181.750,00	945.526,06	177.127.276,06	35.485.618,38	20,03	20.774.132,64	176.847,47	20.597.285,17	58,04	14.888.333,21	-141.641.657,68
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	134.400,00		134.400,00	41.479,07	30,86	41.479,07		41.479,07	100,00		-92.920,93
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL		6.337.351,98	6.337.351,98								-6.337.351,98
8	ACTIVOS FINANCIEROS	198.850,00	126.105.008,40	126.303.858,40	206.816,27	0,16	206.934,07	117,80	206.816,27	100,00		-126.097.042,13
	Total de operaciones de capital:	333.250,00	132.442.360,38	132.775.610,38	248.295,34	0,19	248.413,14	117,80	248.295,34	100,00		-132.527.315,04
	Suma	176.515.000,00	133.387.886,44	309.902.886,44	35.733.913,72	11,53	21.022.545,78	176.965,27	20.845.580,51	58,34	14.888.333,21	-274.168.972,72

Clasificación CAPÍTULO :	DENOMINACIÓN DE LOS CAPÍTULOS	Previsiones Iniciales	Modificaciones	Previsiones Definitivas	Derechos Netos	Der/Prev	Ingresos Realizados	Devoluciones de Ingresos	Recaudación Líquida	Rec/Der	Pendiente de Cobro	Estado de Ejecución
1	IMPOSTOS DIRECTOS	16.849.442,47		16.849.442,47	1.925.366,20	11,43	967.193,99	6.099,12	961.094,87	49,92	964.271,33	-14.924.076,27
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	14.600.217,67		14.600.217,67	2.455.037,84	16,82	1.260.021,22	43.336,40	1.216.684,82	49,56	1.238.353,02	-12.145.179,83
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	10.439.337,50		10.439.337,50	1.193.190,86	11,43	1.193.289,39	98,53	1.193.190,86	100,00		-9.246.146,64
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	136.365.948,77	995.997,30	137.361.946,07	23.810.688,77	17,33	12.162.808,76	304.513,22	11.858.295,54	49,80	11.952.393,23	-113.551.257,30
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	195.053,59		195.053,59	27.049,82	13,87	27.049,82		27.049,82	100,00		-168.003,77
	Total de operaciones corrientes:	178.450.000,00	995.997,30	179.445.997,30	29.411.333,49	16,39	15.610.363,18	354.047,27	15.256.315,91	51,87	14.155.017,58	-150.034.663,81
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS				410,44	0,00					410,44	410,44
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL		6.489.813,93	6.489.813,93	19.194,47	0,30					19.194,47	-6.470.619,46
8	ACTIVOS FINANCIEROS	500.000,00	101.867.657,11	102.367.657,11	79.999,67	0,08	79.999,67		79.999,67	100,00		-102.287.657,44
	Total de operaciones de capital:	500.000,00	108.357.471,04	108.857.471,04	99.604,58	0,09	79.999,67		79.999,67	80,32	19.604,91	-108.757.866,46
	Suma	178.950.000,00	109.353.468,34	288.303.468,34	29.510.938,07	10,24	15.690.362,85	354.047,27	15.336.315,58	51,97	14.174.622,49	-258.792.530,27

GASTOS	OBLIGACIONES RECONOCIDAS			PAGOS ORDENADOS			PAGOS ORDENADOS	PAGOS REALIZADOS
	CAPITULOS ECONOMICOS	INICIALES	MODIFICACIONES	DEFINITIVOS	INICIALES	MODIFICACIONES	DEFINITIVOS	
1.- GASTOS DE PERSONAL		0,00	0,00	0,00	1.481,63	0,00	1.481,63	0,00
2.- GASTOS EN BIENES CORRIENTES Y SERVICIOS		12.842,31	0,00	12.842,31	634.374,47	0,00	634.374,47	300,00
4.- TRANSFERENCIAS CORRIENTES		22.193,16	0,00	22.193,16	279.557,33	0,00	279.557,33	16.445,68
TOTAL OPERACIONES CORRIENTES		35.035,47	0,00	35.035,47	915.413,43	0,00	915.413,43	16.745,68
6.- INVERSIONES REALES		215.409,69	0,00	215.409,69	260.345,37	0,00	260.345,37	0,00
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL		113.943,68	0,00	113.943,68	1.120.578,20	0,00	1.120.578,20	0,00
8.- ACTIVOS FINANCIEROS		0,00	0,00	0,00	45.301,19	0,00	45.301,19	0,00
TOTAL OPERACIONES CAPITAL		329.353,37	0,00	329.353,37	1.426.224,76	0,00	1.426.224,76	0,00
TOTAL CAPITULOS		364.388,84	0,00	364.388,84	2.341.638,19	0,00	2.341.638,19	16.745,68
								1.400.298,24

A CORUÑA, a 28 de febrero de 2018


EL JEFE DE CONTABILIDAD



EL INTERVENTOR



EL PRESIDENTE



ESTADO DEMOSTRATIVO DE LA GESTION ECONOMICA
PRESUPUESTO DE INGRESOS. EJERCICIOS CERRADOS
RESUMEN GENERAL POR CAPITULOS ECONOMICOS

FECHA CONTABLE: 28/02/2018 05/03/2018

PAGINA: 1

INGRESOS	DERECHOS LIQUIDADOS			DERECHOS ANULADOS	DERECHOS CANCELADOS	INGRESOS REALIZADOS	PENDIENTE DE COBRO
CAPITULOS ECONOMICOS	INICIALES	MODIFICACIONES	DEFINITIVAS				
1.- IMPUESTOS DIRECTOS	2.132.060,33	0,00	2.132.060,33	0,00	5.716,98	1.010.966,29	1.115.377,06
2.- IMPUESTOS INDIRECTOS	1.245.555,87	0,00	1.245.555,87	0,00	0,00	1.245.555,87	0,00
3.- TASAS Y OTROS INGRESOS	1.450.777,87	-862,43	1.449.915,44	6.228,94	2.794,69	0,00	1.440.891,81
4.- TRANSFERENCIAS CORRIENTES	11.818.805,43	0,00	11.818.805,43	0,00	0,00	11.818.805,43	0,00
TOTAL OPERACIONES CORRIENTES	16.647.199,50	-862,43	16.646.337,07	6.228,94	8.511,67	14.075.327,59	2.556.268,87
6.- ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	1.886.200,30	0,00	1.886.200,30	0,00	0,00	0,00	1.886.200,30
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	326.352,99	0,00	326.352,99	0,00	0,00	1.197,00	325.155,99
8.- ACTIVOS FINANCIEROS	2.984,33	0,00	2.984,33	0,00	0,00	0,00	2.984,33
TOTAL OPERACIONES CAPITAL	2.215.537,62	0,00	2.215.537,62	0,00	0,00	1.197,00	2.214.340,62
TOTAL CAPITULOS	18.862.737,12	-862,43	18.861.874,69	6.228,94	8.511,67	14.076.524,59	4.770.609,49

EL JEFE DE CONTABILIDAD



A CORUÑA, a 28 de febrero de 2018

EL INTERVENTOR




EL PRESIDENTE



1. b. ESTADOS COMPARATIVOS DA EXECUÇÃO ORZAMENTARIA DE EXERCICIO CORRENTE A 28 DE FEBREIRO
EXERCICIOS 2017 Y 2018


COMPARATIVA 2017 - 2018. EXECUCIÓN FEBREIRO
ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULOS	EXERCICIO 2017			EXERCICIO 2018			VARIACIÓN % EXECUCIÓN
	CRÉDITOS DEFINITIVOS	OBRIGACIÓN RECOÑECIDAS	% EXECUCIÓN	CREDITOS DEFINITIVOS	OBRIGACIÓN RECOÑECIDAS	% EXECUCIÓN	
1.- GASTOS DE PERSOAL	39.461.878,46	3.878.816,28	9,83	41.481.243,66	4.101.807,45	9,89	0,06
2.- GTOS.BENS CORRENTES E SERVIZOS	29.456.668,33	2.262.771,46	7,68	33.262.062,97	2.325.259,18	6,99	-0,69
3.- GASTOS FINANCIEROS	20.000,00	4.514,89	22,57	20.000,00	0,00	0,00	-22,57
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	68.730.118,02	1.198.932,70	1,74	76.429.808,12	1.986.894,12	2,60	0,86
5.- FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	3.530.000,00	0,00	0,00	3.579.000,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL DE OPERACIÓN CORRENTES	141.198.664,81	7.345.035,33	5,20	154.772.114,75	8.413.960,75	5,44	0,23
6.- INVESTIMENTOS REAIS	42.425.999,15	832.279,72	1,96	43.103.866,45	384.485,61	0,89	-1,07
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	98.203.735,72	2.894.032,83	2,95	57.415.839,53	789.148,47	1,37	-1,57
8.- ACTIVOS FINANCIEROS	28.074.486,76	190.677,30	0,68	33.011.647,61	62.139,00	0,19	-0,49
9.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL DE OPERACIÓN DE CAPITAL	168.704.221,63	3.916.989,85	2,32	133.531.353,59	1.235.773,08	0,93	-1,40
TOTAIS	309.902.886,44	11.262.025,18	3,63	288.303.468,34	9.649.733,83	3,35	-0,29




COMPARATIVA 2017 - 2018. EXECUCIÓN FEBREIRO
ORZAMENTO DE GASTOS. REMANENTES INCORPORADOS

CAPÍTULOS	EXERCICIO 2017			EXERCICIO 2018			VARIACIÓN % EXECUCIÓN
	CRÉDITOS DEFINITIVOS	OBRIGACIÓN RECOÑECIDAS	% EXECUCIÓN	CREDITOS DEFINITIVOS	OBRIGACIÓN RECOÑECIDAS	% EXECUCIÓN	
1.- GASTOS DE PERSOAL	143.315,86	0,00	0,00	94.683,70	0,00	0,00	0,00
2.- GTOS.BENS CORRENTES E SERVIZOS	4.360.252,25	170.155,40	3,90	7.205.503,92	718.278,23	9,97	6,07
3.- GASTOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	20.266.430,20	1.114.020,98	5,50	19.464.272,46	1.519.269,37	0,00	-5,50
5.- FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL DE OPERACIÓN CORRENTES	24.769.998,31	1.284.176,38	0,00	26.764.460,08	2.237.547,60	8,36	8,36
6.- INVESTIMENTOS REAIS	24.537.436,65	792.681,48	3,23	26.282.292,12	260.957,97	0,99	-2,24
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	78.086.735,72	2.894.032,83	3,71	47.375.839,53	779.315,44	1,64	-2,06
8.- ACTIVOS FINANCEIROS	5.993.715,76	78.506,70	1,31	8.930.876,61	0,00	0,00	-1,31
9.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL DE OPERACIÓN DE CAPITAL	108.617.888,13	3.765.221,01	0,00	82.589.008,26	1.040.273,41	1,26	1,26
TOTAIS	133.387.886,44	5.049.397,39	0,00	109.353.468,34	3.277.821,01	3,00	3,00



COMPARATIVA 2017 - 2018. EXECUCIÓN FEBREIRO
ORZAMENTO DE GASTOS. EXCEPTO REMANENTES INCORPORADOS


CAPÍTULOS	EXERCICIO 2017			EXERCICIO 2018			VARIACIÓN % EXECUCIÓN
	CRÉDITOS DEFINITIVOS	OBRIGACIÓN RECOÑECIDAS	% EXECUCIÓN	CREDITOS DEFINITIVOS	OBRIGACIÓN RECOÑECIDAS	% EXECUCIÓN	
1.- GASTOS DE PERSOAL	39.318.562,60	3.878.816,28	9,87	41.386.559,96	4.101.807,45	9,91	0,05
2.- GTOS.BENS CORRENTES E SERVIZOS	25.096.416,08	2.092.616,06	8,34	26.056.559,05	1.606.980,95	6,17	-2,17
3.- GASTOS FINANCEIROS	20.000,00	4.514,89	22,57	20.000,00	0,00	0,00	-22,57
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	48.463.687,82	84.911,72	0,18	56.965.535,66	467.624,75	0,82	0,65
5.- FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	3.530.000,00	0,00	0,00	3.579.000,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL DE OPERACIÓN CORRENTES	116.428.666,50	6.060.858,95	0,00	128.007.654,67	6.176.413,15	4,83	4,83
6.- INVESTIMENTOS REAIS	17.888.562,50	39.598,24	0,22	16.821.574,33	123.527,64	0,73	0,51
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	20.117.000,00	0,00	0,00	10.040.000,00	9.833,03	0,10	0,10
8.- ACTIVOS FINANCEIROS	22.080.771,00	112.170,60	0,51	24.080.771,00	62.139,00	0,26	-0,25
9.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL DE OPERACIÓN DE CAPITAL	60.086.333,50	151.768,84	0,00	50.942.345,33	195.499,67	0,38	0,38
TOTAIS	176.515.000,00	6.212.627,79	0,00	178.950.000,00	6.371.912,82	3,56	3,56



COMPARATIVA 2017 - 2018. EXECUCIÓN FEBREIRO
ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	EXERCICIO 2017			EXERCICIO 2018			VARIACIÓN % EXECUCIÓN
	PREVISIÓN DEFINITIVAS	DEREITOS LIQUIDADOS	% EXECUCIÓN	PREVISIÓN DEFINITIVAS	DEREITOS LIQUIDADOS	% EXECUCIÓN	
1.- IMPOSTOS DIRECTOS	16.554.058,91	1.907.216,20	11,52	16.849.442,47	1.925.366,20	11,43	-0,09
2.- IMPOSTOS INDIRECTOS	14.253.764,85	2.566.040,59	18,00	14.600.217,67	2.455.037,84	16,82	-1,19
3.- TAXAS E OUTROS INGRESOS	9.216.441,87	6.302.551,87	68,38	10.439.337,50	1.193.190,86	11,43	-56,95
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	136.727.765,56	24.689.377,60	18,06	137.361.946,07	23.810.688,77	17,33	-0,72
5.- INGRESOS PATRIMONIAIS	375.244,87	20.432,12	5,45	195.053,59	27.049,82	13,87	8,42
TOTAL DE OPERACIÓNS CORRENTES	177.127.276,06	35.485.618,38	20,03	179.445.997,30	29.411.333,49	16,39	-3,64
6.- ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	134.400,00	41.479,07	0,00	0,00	410,44	0,00	0,00
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	6.337.351,98	0,00	0,00	6.489.813,93	19.194,47	0,30	0,30
8.- ACTIVOS FINANCIEROS (*)	198.850,00	206.816,27	104,01	500.000,00	79.999,67	16,00	-88,01
9.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL DE OPERACIÓNS DE CAPITAL	6.670.601,98	248.295,34	3,72	6.989.813,93	99.604,58	1,42	-2,30
TOTAIS	183.797.878,04	35.733.913,72	19,44	186.435.811,23	29.510.938,07	15,83	-3,61

(*) No capítulo 8 non se ten en conta o Remanente de Tesourería utilizado como fonte de financiamento, ao non ser obxecto de liquidación de dereitos.



DETALLE REMANENTE TESOURERÍA				
ANO	R.T.	INICIAL	UTILIZADO	DISPONIBLE
2017	RTGG	259.851.867,76	126.002.059,19	133.849.808,57
	RTGFA	102.949,21	102.949,21	0,00
2018	TOTAL	259.954.816,97	126.105.008,40	133.849.808,57
	RTGG	271.197.582,52	101.791.057,85	169.406.524,67
	RTGFA	76.599,26	76.599,26	0,00
	TOTAL	271.274.181,78	101.867.657,11	169.406.524,67

2. PROXECCIÓN DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 28/02/2018

PROXECCIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS EX.CORRENTE A 31-12-2018 PARTINDO DE DATOS REAIS DE EXECUCIÓN								A 28/02/2018
Capítulo		Créditos Definitivos a	Obrigacións Recoñecidas a	Estimación inicial obligacións a 31/12	Obrigacións Rec. Financiadas con Remanente de Tesourería	Estimación axustada a 31/12	Criterios de estimación inicial (A)	
		28/02	28/02	(A)	(B)	(A) - (B)		
OPERACIÓNES NON FINANCEIRAS								
1	Todo excepto art.15 e 16	27.735.576,57	3.682.219,99	25.775.539,93	0,00	(1)	25.775.539,93	Rateo por 14 meses.(OR/14)*14
	Artigo 15	4.050.307,92	336.373,51	4.050.307,92	0,00	(1)	4.050.307,92	Créditos definitivos orzados
	Artigo 16	9.695.359,17	83.213,95	8.243.963,90	0,00		8.243.963,90	% de execución exercicio 2017 (85,03%) s/Cl aplicado 2018
